



A Xunta de Persoal de Administración e Servizos, en reunión realizada o día 30 de xaneiro de 2017 acorda por unanimidade das persoas presentes



Rexeitar a proposta remitida pola Xerencia na que establece:

“Coa finalidade de avanzar na negociación colectiva e concretar sen dúbidas interpretativas a vontade de acadar acordo no proceso de convocatoria de provisión de postos de traballo de persoal funcionario de administración e servizos da Universidade da Coruña, desde esta Xerencia propónse á Xunta de Persoal o seguinte:

- Modificar a vixente relación de postos de traballo de persoal funcionario (DOG número 10 do 18-01-2016 e correccións de erros no DOG número 26 do 26-02-2016) de xeito puntual no que se refire a establecer como forma de provisión para todos os postos de nivel 24 e superior a denominada “concurso específico” definida no artigo 91 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG número 86 do 04-05-2015).
- Modificar a vixente relación de postos de traballo de persoal funcionario, tamén para adaptar a denominación de vicerreitorías e servizos á establecida por Resolución Reitoral de 12 de xaneiro de 2016, pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade da Coruña e as competencias dos seus órganos directivos.
- Ofertar todos os postos vacantes no anexo da convocatoria do posterior concurso de traslados da Universidade da Coruña.”

Instar á Xerencia:

- A convocatoria do concurso de méritos establecido no acordo suscrito o 20 de novembro de 2015 que recolle no seu apartado:
“2.- CALENDARIO PARA A EXECUCIÓN DE CONVOCATORIAS DE PROMOCIÓN INTERNA.
Co obxecto de continuar coa execución do proceso de Funcionarización acordado o 13 de xullo de 2012, de avanzar nos procesos de promoción interna tanto das escalas xerais canto especiais nun marco temporal razoable en termos orzamentarios e de capacidade de xestión, e **considerando que no último trimestre de 2016 deberase convocar o correspondente concurso de vacantes,...**”
- O cumprimento do compromiso de que o concurso contemplará todas as prazas vacantes da actual RPT.

Atentamente

A Coruña, 31 de xaneiro de 2017

Asdo.. Xosé Portela
Pte da Xunta de PAS